

CONCELLO DE  
SANTIAGO

**MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG  
PARA OUTORGAR AO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA A MEDALLA DE OURO DA CIDADE**


O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela celebrou o pasado dezaseis de novembro o seu centésimo septuaxésimo quinto aniversario da súa fundación. Dita institución foi creada o 16 de novembro do ano 1844 por apenas 20 integrantes, moi lonxe dos hoxe case 1500 membros que conforman a súa organización. Na historia de Compostela, son poucas as institucións que hoxe teñan unha historia tan longa e consolidada no tempo, e que estean vencelladas a nosa cidade.

O colextio sempre tivo como obxectivos o servizo aos colexiados e á cidadanía, como garante e referente na defensa dos dereitos e liberdades. Sempre se traballou dende dito organismo para que Compostela tivese un maior peso institucional e xudicial do país. E sempre mostrou o seu compromiso en todas as reivindicacións de novos órganos xudiciais para a nosa cidade; a avogacía de Santiago estivo sempre onde foi necesario para Compostela, ao servizo dos intereses da capital galega.

Pero a súa labor, esténdese mais alá do plano institucional e colexial, colaborando co Concello e con outras institucións no asesoramento en materia de xustiza gratuita ou desafiuazamentos a diferentes colectivos. Unha labor que non fai mais que recalcar a súa vocación co benestar dos cidadáns de Compostela.

Todos os grupos municipais representados na corporación entenden que, polos motivos anteriormente expostos, o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela reúne méritos verdadeiramente singulares considerados polo Concello de Santiago, como dignos por todos os conceptos desta alta condecoración da cidade.


Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela propón:




CONCELLO DE  
SANTIAGO

1. Propoñer ao Consello Asesor de Condecoracións que se lle outorgue ao Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela a Medalla de Ouro de Santiago de Compostela.


Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2019

  
Gumersindo Guinarte Cabada

Portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

  
Alejandro Sánchez-Brunete Varela

Portavoz do Grupo Municipal do PP

  
Martiño Noriega Sánchez

Portavoz do Grupo Municipal de CA

  
Goretti Sanmartín Rei

Portavoz do Grupo Municipal do BNG

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA